



GRUPO MUNICIPAL  
A POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

17 XULL. 2017

Entrada nº: 3599

Saída nº: .....

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa a melloras na sinalización viaria no noso concello

### **.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O BNG ten presentado ao longo do actual mandato numerosas mocións, preguntas, e solicitudes con propostas ao respecto da sinalización e da seguridade viaria no noso concello. Estas iniciativas recollían melloras, aprobadas en pleno, da sinalización e visualización de pasos de peóns e do tráfico, ou a implantación de zonas 30 e da sinalización correspondente, incorporada por iniciativa do BNG aos orzamentos municipais do 2016 e tantas outras referidas á mesma cuestión. Ningunha destas iniciativas foron desenvolvidas, nin iniciadas.

A maiores destas actuacións xa presentadas queremos facer referencia a outra situación problemática que se está a dar na nosa vila, concretamente no aparcadoiro do recheo portuario. A día de hoxe a inmensa maioría da sinalización vertical que regulaba o tráfico está desaparecida, e a horizontal está xa moi gastada. Debido a despistes ou ao descoñecemento por parte de moitas persoas dos sentidos de circulación e de entrada e saída ás zonas de aparcamento están a producirse situacións de risco, como é coincidir nun mesmo vial dous vehículos en direccións opostas.. Coa chegada de veraneantes e persoas que non son do noso concello, estas situacións de perigo aumentan en número proporcional ao aumento de usuarios que descoñecen cales son as entradas e saídas dos distintos viais e a falta da sinalización correspondente.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### **A C O R D O S**

- 1.- O goberno municipal desenvolverá as actuacións necesarias para repoñer e dotar dunha sinalización adecuada á zona de aparcamento do recheo portuario.**
- 2.- O goberno municipal executará todos os acordos plenarios referidos á seguridade viaria e as melloras na sinalización e regulación do tráfico no noso concello.**

A Pobra do Caramiñal, 14 de xullo de 2017.

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,  
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.